

# prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos

A Consellería de Traballo e Benestar establece as bases que rexerán a concesión da *prestación económica de pagamento único por fillos e fillas menores de tres anos para o ano 2014*.

Poderán ser **beneficiarios** aquelas persoas que teñan menores de 3 anos ao 1 de xaneiro de 2014 (nados entre o 2-1-2011 e o 1-1-2014, inclusive) **e que, durante o ano 2012, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración do IRPF correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.** Tamén se poderán acoller a esta axuda no caso de fillos adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2012 e o 31 de decembro de 2013; así como os estranxeiros que residan en Galicia sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000 e os requisitos establecidos nesta norma e tivesen a condición de contribuínte para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF.

**Contía:** un pagamento único de **360 €** por cada un dos fillos menores de 3 anos.

## Requisitos

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que os menores convivan coa persoa solicitante na data da solicitude.

## Documentación:

- **A Solicitude** deberá presentarse **preferiblemente** por vía electrónica, a través da sede electrónica da Xunta, <https://sede.xunta.es>, (será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia); **Alternativamente**, tamén poderán presentarse solicitudes en soporte papel, segundo o modelo oficial, **Anexo I**, cuberto e asinado pola persoa solicitante.
- O **Anexo II**, cuberto e asinado polo outro proxenitor (parella ou cónxuxe do solicitante).
- Copia do todas as follas do libro de familia.
- Número da cartilla de aforros na que figure como titular o solicitante.
- **Volante de empadramento colectivo** da persoa solicitante expedido polo Concello. (**\*Se xa recibiu a axuda no ano 2013 non lle fai falla**). Para **Familias monoparentais, non vale volante, e necesario un certificado de empadramento colectivo.**

**Importante:** Se o solicitante xa recibiu a prestación no ano 2013, só terá que cubrir/enviar o **Anexo I** debidamente asinado pola persoa solicitante, sempre e cando se manteñan as mesmas circunstancias persoais, xurídicas e económicas determinantes do dereito da prestación.

**Prazo: 26 de abril de 2014.** Para máis información nos Servizos Sociais ou chamando ao telef.:

**981-73 70 04.**

Camariñas, 18 de marzo de 2014

**A concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Saúde e Deportes,  
M<sup>a</sup> Carmen Linares Chica**